

Informe Cuadrimestral nº 60 (maio-agosto de 2024)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de maio a agosto de 2024 relacionados coa ETSE. Neste período celebráronse catro Xuntas de Escola extraordinarias o 6 de febreiro, o 1 de abril, o 16 de maio e o 20 de xuño e tres ordinarias o 24 de xaneiro, o 6 de xuño e o 12 de xullo de 2024

Persoal

6 de maio. Cese da auxiliar técnico de servizos do punto de atención e información en quenda de tarde, M^a Vanessa Pérez Becerra.

12 de maio. Efrén Rama Maneiro, profesor axudante doutor da área de coñecemento de ciencia da computación e intelixencia artificial, cesa, por renuncia

14 de maio. Cese do persoal laboral interino do punto de atención e información Jesús Sánchez Lojo e Manuel Ramón Barreiro Martínez.

15 de maio. Incorporación ao punto de atención e información en quenda de tarde de Fernando Muñoz Sagasta.

15 de maio. Finalización do contrato de interinidade por vacante de dona Beatriz Blanco Besteiro da área de coñecemento de linguaxes e sistemas informáticos.

16 de maio. Martín Liz Domínguez asinou un contrato con esta Universidade como profesor axudante doutor, da área de coñecemento de linguaxes e sistemas informáticos.

12 de xullo. Nomeamento de José Manuel Cotos Yáñez como coordinador do Máster Interuniversitario de Internet das Cousas (IoT).

12 de xullo. Nomeamento como coordinador de 3^o curso de Grao en Intelixencia Artificial de Jose María Alonso Moral.

Asuntos académicos

6 de maio. Convocatoria de prácticas extracurriculares do Grao en Enxeñaría Química.

8 de maio. Grao en Enxeñaría Química obtén o 4^o posto no Ranking de El Mundo

8 de maio. Convocatoria de prácticas en empresa do curso 2024-25 do Máster en Intelixencia Artificial.

16 de maio. Acto de Graduación XVIII Promoción do Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (2022-24). D.^a María Teresa Barral Silva Madriña Académica Promoción.

21 de maio. Convocatoria de prácticas en empresa do curso 2024-25 do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

24 de maio. Convocatoria de prácticas en empresa do curso 2024-25 do Máster en Enxeñaría Ambiental.

27 de maio. Defensa da tese doutoral de Jorge González Rodríguez, titulada “Deseño conceptual, operación e escalado de sistemas fotocatalíticos integrando nanocomposites con propiedades magnéticas para a eliminación de microcontaminantes en augas residuais”. Dirixida por María Teresa Moreira Vilar e Gumersindo Feijoo Costa

27 de maio. Asignación definitivas das prazas de prácticas en empresa dos Graos de Enxeñaría Química e Enxeñaría Informática.

21 e 25 de xuño. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Ambiental.

2 de xullo. Renovación da acreditación da Institution of chemical Engineers (IChemE) das titulacións de Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos con vixencia ata o curso 2028-29.

3 de xullo. Defensa de TFM do Máster de Computación de Altas Prestacións.

9 de xullo. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

9 de xullo. Segunda convocatoria de prácticas en empresa para o estudiantado do Máster en Enxeñaría Ambiental, correspondente ao curso 2024-25.

11 de xullo. Entrega do Premio á viabilidade técnica e económica de teses de doutoramento e traballos académicos. Convocatoria do Programa Ícarus, promovido pola Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC a introdución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) en todos os traballos:

Teses: Na área de Enxeñaría e Arquitectura entregouse só un primeiro premio, que recaeu en Ana Arias Calvo por ‘Conversión de bio-residuos en biomateriais e produtos bioactivos: Un ámbito dá economía circular’.

TFG/TFM: Na área Enxeñaría e Arquitectura, o segundo premio foi para o TFG do estudante de Grao en Enxeñaría Informática Alejandro González Santos por ‘Desenvolvemento de software para controlar unha impresora volumétrica’.

9 de xullo. Aprobación da modificación do plan de estudos de Grao en Enxeñaría química polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

9 de xullo. Verificación do plan de estudos do Máster Interuniversitario de Internet das Cousas (IoT) polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

12 de xullo. Aprobación da modificación do plan de estudos de Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

15 e 16 de xullo. Defensa de TFM do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data.

16 de xullo. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Química.

17 de xullo. Presentación e defensa da tese doutoral de Zaid Ayed Moh'd Al Muala, titulada “Xestión do lado da demanda na tecnoloxía de redes intelixentes para unha transición enerxética sostible: investigacións, estratexias e enfoques”, dirixida pola Dra. Pastora María Bello Bugallo.

18 e 19 de xullo. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Informática e Dobre Grao Informática e Matemáticas.

19 de xullo. Defensa de TFM do Máster en Intelixencia Artificial.

22 de xullo. presentación e defensa da tese doutoral de Adriana García Rellán titulada “Camiño técnico para a sostibilidade dos nosos mares para facilitar un mundo rexenerativo: recursos, residuos, alimentación e lecer”, dirixida pola Dra. Pastora María Bello Bugallo.

17 de xullo. Entrega Premios V edición “Boas prácticas” nun acto presidido polo reitor no Salón de Graos do Colexio de San Xerome xunto coa vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, María José López Couso, e o adxunto á Vicerreitoría para a Calidade, Antonio Mosquera González. A ETSE recibiu un premio polos “Premios Leonardo ao profesorado e alumnado”. Aos premios ás boas prácticas, se lle sumou este ano un novo recoñecemento á implicación dos centros na obtención de resultados fiables nas enquisas de satisfacción do estudantado coa docencia recibida, ou sexa, aqueles centros que superasen o 15% de respostas nesas enquisas no curso 2023-2024.

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría recibiu ese recoñecemento por acadar un 15,59%.

Actividades

5 de xuño. Charla “Women in STEM Areas in Cape Verde versus Spain” a cargo de Emília Monteiro Tavares profesora da Universidad Jean Piaget de Cabo Verde. Organizada polas Comisións de Igualdade da ETSE e CITIUS.

26 de xuño. Visita dun técnico de PRL do Servizo de Prevención da USC para facer o control de condicións de traballo semestral, segundo a súa planificación anual. O técnico visita e avalía dos distintos espazos da ETSE, incluíndo aulas, laboratorios, despachos e áreas comúns.

4 e 7 de xuño. Curso “High-Performance and Disruptive Computing in Remote Sensing ([HDCRS](#))School 2024”. Organizado por Dora Blanco Heras, Jorge Alberto Suárez Garea, Álvaro Ordóñez Iglesias, Javier López Fandiño, Pablo Quesada Barriuso. Participantes: 30 estudantes de doutoramento internacionais.

Aula Profesional

23, 29 e 30 de maio e 3 de xuño. Ciclo de charlas “Gobernanza Ambiental e Empresas dende unha perspectiva ética”, organizado por Francisco Omil Prieto e cos seguintes ponentes: Cristina Gómez Román, profesora de Psicoloxía Social da USC, Gonzalo Mosqueira Martínez, Xerente de Augas de Galicia, Leticia Rodríguez Hernández, Directora de Desenvolvemento Sostible. Grupo AGBAR zona Norte - VIAQUA e Iván Seijo Maroño, Enxeñeiro Área de Medio Ambiente de IDOM.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

RENOVA CONSULTORÍA TÉCNICA	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
GRUPO ZENDAL	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
MEDRAR SMART SOLUTIONS S.L.	Todas as titulacións da USC
STGO DISEÑO Y MULTIMEDIA	Titulacións da área de Informática
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	Titulacións da área de Informática
SEDIX, INGENIERÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA	Titulacións da área de Informática
DELOITTE TECHNOLOGY AND TRANSFORMATION S.L.U.	Todas as titulacións da USC
AQUATEC, PROYECTOS PARA EL SECTOR DEL AGUA SAU	Todas as titulacións da USC
BITXENIO S.L.	Titulacións da área de Informática
AULA DE PRODUCTOS LÁCTEOS	Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Visitas a empresas

2 de maio. Visita a Sogama (Cerceda) do estudiantado da materia "Enxeñaría Ambiental" do Grao en Enxeñaría Química co profesor Francisco Omil Prieto.

7 de maio. Visita a Finsa (Santiago de Compostela) do estudiantado de "Tecnoloxías para a Valorización de Biomasa" do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, coa profesora Julia González Álvarez.

Outros

20 de xuño. O máster en Enxeñaría Ambiental acada o 1º posto no Ranking 250 Máster de El Mundo.

3 de xullo. O mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos foi recoñecido coa Mención de Excelencia outorgada pola Xunta de Galicia. Esta distinción entregouse nun acto en Santiago presidido polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, e no que tamén participaron o reitor da USC, Antonio López, e o secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez.

12 de xullo. Evento de conmemoración do 25 aniversario da finalización de estudos da primeira promoción de Enxeñaría Química (1994-1999). O programa de actividades comezou ás 16.30 horas cunha visita ás instalacións da ETSE. Ás 17.00 horas tivo lugar a apertura e benvida pola directora da ETSE, a profesora Julia González Álvarez. Interveu a continuación Juan Manuel Lema Rodicio, presidente da Real Academia Galega de Ciencias, profesor emérito da USC, ex director do departamento de Enxeñaría Química e impulsor destes estudos na USC. Deseguido houbo unha intervención conxunta da profesora Almudena Hospido Quintana, membro da primeira promoción e actual coordinadora do grao en Enxeñaría Química, e do profesor Héctor Rodríguez Martínez, coordinador do mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos. Así mesmo, en representación da primeira promoción tamén tomou a palabra Ramón Blanco López, de Valtalia; Antonio Cuevas Iglesias, de NAUTERRA; Ana Maceiras Fernández, de ZARA; e a presidenta da asociación Alumni USC, Eva López Barrio.